



**Xabier Pérez Igrexas, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Vigo, ao abeiro dos dereitos que na súa condición lle corresponden segundo o previsto na Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galiza, do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP) do Concello de Vigo e da restante normativa que for de aplicación,**

### **EXPÓN:**

Que o pasado martes 7 de novembro de 2023 celebrouse unha sesión, de carácter extraordinario e urxente, da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, sen que a súa convocatoria se realizase de acordo ás previsións normativas e regulamentarias, o que supón unha clara vulneración dos dereitos do Grupo Municipal ao que representa.

Así fica acreditado nos seguintes

### ***FEITOS:***

**Primeiro.-** Que a convocatoria formalizada, expediente 4126-1101, (DOCUMENTO ANEXO 1) foi remitida por correo electrónico corporativo ás 14:16h do martes de 7 de novembro (DOCUMENTO ANEXO 2), recolléndose na mesma que a sesión celebraríase en primeira convocatoria ás 14:30h, isto é 14 minutos despois da súa comunicación.

**Segundo.-** Que na orde do día da referida convocatoria, para alén do punto previo de ratificación da urxencia da sesión, unicamente figuraba un punto 2 co seguinte teor literal: "*Comunicación do calendario previsto e apertura de prazo de presentación de emendas en expediente de aprobación de Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2024. Expediente 80/142*".

**Terceiro.-** Como antecedente ao recollido nos dous feitos anteriores, sinalar que con anterioridade ao envío da convocatoria formalizada, o concelleiro

portavoz do Grupo Municipal Socialista e do Goberno Local, D. Carlos López Font, a través dunha chamada telefónica ás 12:22h do mesmo 7 de novembro, limitouse a anticipar de maneira informal que [o Goberno] tiña previsto aprobar o proxecto de orzamentos en Xunta de Goberno a última hora da mañá e convocar a Comisión "a partir das 2 ou 2 e media". Cómpre sinalar que o señor López Font non ostenta a Presidencia da Comisión Informativa e descoñécese en calidade de que realizou a referida comunicación informal que en ningún caso pode interpretarse como convocatoria ao efecto, ao carecer, polo anterior de lexitimación para a expedir nin das características e requisitos que toda convocatoria dun organismo colexiado debe reunir.

**Cuarto.-** En resposta á chamada telefónica do señor López Font, quen subscribe envioulle a el, con copia á Secretaría do Goberno Local (por ter exercido a funcionaria funcións de Secretaria Xeral accidental en ocasións anteriores) ás 12:51h unha mensaxe desde o correo electrónico corporativo (DOCUMENTO ANEXO 3) cuxo teor literal dáse por reproducido, no que de maneira explícita e con base a unha detallada invocación normativa (artigo 36.1 e 82 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo e mais artigo 46.2 da LBBRL) se solicitaba que se procedese "(...) á convocatoria da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda con estrito arreglo á normativa de aplicación e as previsións regulamentarias, advertindo expresamente que o proceder sinalado por parte do Goberno municipal supón obxectivamente vulnerar os dereitos (ao abeiro do ROP, da LALGA e da LBRL) deste Grupo Político Municipal, reservándonos as accións que fosen precisas na súa defensa". Esta comunicación non recibiu ningunha resposta.

**Quinto.-** Adicionalmente, unha vez recibida a convocatoria formalizada (ás 14:16 como xa se sinalou) ás 14:28h, quen subscribe remitiu unha nova mensaxe (DOCUMENTO ANEXO 4) a través do correo electrónico corporativo ao Presidente da Comisión Informativa de Orzamentos de Facenda, o concelleiro Jaime Aneiros Pereira, con copia á Secretaria do Goberno Local (por ser quen remitira a convocatoria), cuxo teor literal dáse por reproducido, no que se reiteraban as manifestacións realizadas no anterior correo e no que se solicitaba de maneira expresa "a anulación desta convocatoria por non se axustar á normativa de aplicación e previsións regulamentarias, advertindo de que mantela suporá expoñer os acordos e ditames que nela se substancien a suposto de nulidade/impugnación, e suporá unha vulneración dos dereitos fundamentais do Grupo Municipal que represento".

**Sexto.-** A comunicación sinalada no feito anterior si recibiu resposta por parte do Presidente da Comisión Informativa, señor Aneiros Pereira, a través dunha mensaxe desde o correo electrónico corporativo (DOCUMENTO ANEXO 5), recibido ás 16:44h, isto é xa realizada e concluída a sesión irregularmente convocada, cuxo teor literal dáse por reproducido, no que en ningún caso se nega, nin cuestiona o carácter irregular e contrario ao regulamento da convocatoria, senón que se recoñece implicitamente e unicamente se xustifica alegando, entre outros considerandos, que "*(...) estamos ante un acto de trámite, e non resolutorio do procedemento de aprobación do Orzamento, polo que se trata -unicamente- de aprobar o calendario de tramitación e de dar acceso ao expediente electrónico aos membros do Pleno*" e concluíndo sinalando que "*Como Presidente da Comisión, non acepto a petición de suspensión que presenta un dos nove membros deste órgano colexiado*".

**Sétimo.-** A sesión obxecto da presente, polo que puido coñecer quen subscribe, teríase celebrado en primeira convocatoria no horario previsto, sen que se lle teña comunicado a data de hoxe ao Grupo Municipal do BNG os seus acordos.

Polo que, a través deste escrito, procede a formular a

## **I M P U G N A C I Ó N**

da sesión extraordinaria e urxente da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, celebrada o 7 de novembro de 2023, e dos seus acordos con base nos seguintes

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

**Primeiro.- Do incumprimento flagrante e inxustificado do deber legal de convocatoria de acordo ás normas regulamentarias:**

O artigo 36.1 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo sinala que "*Serán de aplicación ás Comisións Informativas as previsións contidas para o Pleno no artigo 46.2, parágrafos b), c) e d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, en relación coas clases de sesións, a convocatoria e o quórum de asistencia. O seu funcionamento axustarase ao previsto no Capítulo II do Título IV do RD 2568/1986.*"

Neste sentido o invocado artigo 46.2 da Lei 7/1985 apartado b) recolle que "*Las sesiones plenarias han de convocarse, al menos, con dos días hábiles de antelación, salvo las extraordinarias que lo hayan sido con carácter urgente, cuya convocatoria con este carácter deberá ser ratificada por el Pleno. La documentación íntegra de los asuntos incluidos en el orden del día, que deba servir de base al debate y, en su caso, votación, deberá figurar a disposición de los Concejales o Diputados, desde el mismo día de la convocatoria, en la Secretaría de la Corporación*"

Asemade, o artigo 82 do ROP, referido precisamente ao calendario de tramitación dos Orzamentos Municipais mandata que:

*"Artigo 82. Calendario de tramitación.*

*1. O proxecto de orzamento xeral aprobado pola Xunta de Goberno Local remitirase ao Rexistro do Pleno acompañado da documentación que integra o expediente e dos antecedentes necesarios.*

*2. Recibido o expediente o secretario xeral do Pleno dará conta de tal trámite ao presidente da Comisión competente en materia de Orzamentos que convocará sesión ao único obxecto de dar traslado dunha copia completa do expediente en soporte informático aos Voceiros dos grupos municipais e de acordar calendario para a presentación de emendas."*

### **Segundo.- Da falla de motivación da urxencia:**

Aliás, para alén do carácter irregular da convocatoria non se fundamentaron en ningún caso as causas que motivarían unha convocatoria de carácter extraordinario e urxente, sen tempo material nin para a consulta do expediente que vai ser obxecto de ditame da Comisión, singularmente a proposta de calendario, toda vez a tramitación orzamentaria é un procedemento absolutamente taxado e previsíbel.

Neste sentido, o artigo 80.1 do ROF establece que "*Corresponde al Alcalde o Presidente convocar todas las sesiones del Pleno. La convocatoria de las sesiones extraordinarias habrá de ser motivada*". Adicionalmente o artigo 54 de la LPAC cando regula a motivación do acto administrativo require que se realice unha sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito.

Acrescentando o anterior, tal e como se recolle a nivel xurisprudencial, a adecuada motivación do carácter "extraordinario e urxente" é unha esixencia para a legal conformación da convocatoria. Así se sinala, entre outros , por

parte do Oficial Maior da Deputación de Zaragoza, D. Jesús Colás Tenas, no seu estudo *"El Funcionamiento de los órganos colegiados de las entidades locales: las sesiones"*, publicado polo Instituto Nacional de Administración Pública, dependente do Ministerio de Facenda e Función Pública.

No referido estudo indícase que: *"La primera consideración que ha de realizarse en orden a las sesiones extraordinarias urgentes tiene, necesariamente, que hacer referencia a su motivación. Toda convocatoria de sesión extraordinaria urgente tiene que estar motivada. La motivación corresponde siempre al Presidente del órgano colegiado, con independencia de que posteriormente deba ser ratificada por el órgano colegiado."*

*Si la convocatoria de la sesión carece de motivación, los miembros que deben asistir a la sesión desconocerán las razones de urgencia que tenía el Presidente para convocarla con tal carácter, impidiéndose de esta forma que puedan formarse criterio con la mínima antelación para su intervención en el debate del primer punto del orden del día, que es precisamente decidir sobre la urgencia."*

*Esta es la razón fundamental que justifica que el concepto de la urgencia —en cuanto concepto jurídico indeterminado— se encuentre sometido a fiscalización jurisdiccional, y que no admita más que una alternativa, o el asunto es urgente o no lo es, sin que sea admisible la discrecionalidad ni del Presidente ni del órgano colegiado. De no motivarse adecuadamente la convocatoria de la sesión extraordinaria urgente se incurre en la arbitrariedad, cuya interdicción está garantizada por el artículo 9.3 de la Constitución como ya hemos recordado. (...)"*

E acrecenta que *"Mas no sólo es necesaria la convocatoria con el carácter de urgente de la sesión y la motivación correspondiente. Se requiere, asimismo, que la justificación de la urgencia sea fundada. La convocatoria de una sesión extraordinaria de carácter urgente conlleva, casi siempre, una restricción del derecho de participación de los miembros del colegio. En atención a esta restricción se exige que en la justificación de la urgencia concurren razones objetivas para apreciar la misma."*

*Cuando se habla de razones objetivas para calificar un asunto de urgente se quiere decir, en primer lugar, que las razones deben ser veraces. Tampoco debe olvidarse que el ideal de la objetividad consiste en someter las opiniones propias al test de criterios independientes e imparciales. La objetividad implica lucidez, racionalidad, sentido de la realidad, medida, equilibrio en la decisión, y*

*consideración de todas las personas y derechos afectados con la declaración de la urgencia."*

### **Terceiro.- Do asunto obxecto da sesión**

Como xa se sinalou, no feito segundo, a convocatoria de Comisión Informativa recollía como único punto, para alén da ratificación da urxencia, o seguinte: *"Comunicación do calendario previsto e apertura de prazo de presentación de emendas en expediente de aprobación de Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2024. Expediente 80/142"*.

Este enunciado, que describe, por tanto, o obxecto da sesión non ten tampouco encaixe regulamentario, dado que o que prevé o artigo 82.2 non é a "comunicar" senón o "acordar", isto é o preceptivo ditame e aprobación, se proceder, do calendario para a presentación de emendas ao proxecto de orzamentos municipais. Trátase, xa que logo, dun aspecto relevante da tramitación do expediente orzamentario que ten evidentes incidencias na participación dos membros electos da Corporación.

### **Cuarto.- Do impedimento do efectivo exercicio de dereitos fundamentais**

A convocatoria irregular da sesión extraordinaria e urxente da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, decorrida o pasado 7 de novembro, supuxo na práctica impedir o exercicio pleno dos dereitos fundamentais, recollidos legalmente, que amparan os concelleiros e concelleira que integran o Grupo Municipal do BNG, especificamente o sinalado no artigo 9 epígrafe 1 do propio Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, no que se sinala que *"Os Concelleiros teñen o dereito de asistencia, voz, e voto nas sesións do Pleno e Comisións das que formen parte; poderán asistir sen voto ás sesións das Comisións das que non formen parte"*.

Un dereito que se recoñece tamén na vixente Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galiza, no seu artigo 228, no que sinala que *"Os membros das Corporacións Locais terán o dereito e a obriga de asistir a todas as sesións do Pleno e das comisións de que formen parte"*.

Neste sentido, é pertinente, subliñar a relevancia do asunto obxecto, por seren os orzamentos do Concello de Vigo un dos procedementos de maior calado e importancia para definir a orientación das políticas públicas da administración local no seu ámbito de competencia. Isto fai que sexan especialmente graves os efectos e consecuencias que se derivan do impedimento, acreditado, para o efectivo exercicio de dereitos fundamentais (xurdidos do artigo 23 da CE) por

parte de representantes electos da Corporación Municipal, como son os concelleiros e a concelleira do Grupo Municipal do BNG.

Por todo o exposto,

**SOLICITA:**

Que se atenda o manifestado neste escrito de impugnación, deixando sen efecto a convocatoria de Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda celebrada, irregularmente, o 7 de novembro de 2023, e anulando os acordos que na mesma se puideran ter adoptado, nomeadamente ao referido ao calendario de tramitación do proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o exercicio 2024 e o prazo legal para a formulación de emendas polos grupos políticos municipais, así como a convocar unha nova sesión de acordo ao previsto regulamentariamente na normativa de aplicación aos efectos de aprobar validamente o calendario.

**Vigo, Galiza, a 14 de novembro de 2023.**

*Asdo.:*



- DOC. ANEXO 1: Convocatoria da Comisión Informativa
- DOC. ANEXO 2: Correo electrónico comunicando a convocatoria
- DOC. ANEXO 3: Correo electrónico solicitando a convocatoria regulamentaria
- DOC. ANEXO 4: Correo electrónico solicitando a anulación da convocatoria irregular
- DOC. ANEXO 5: Resposta á solicitude de anulación

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE, D. Abel Caballero Álvarez**  
**CONCELLO DE VIGO**



Concello de Vigo-Secretaría Xeral  
Expte 4126-1101

### **COMISIÓN INFORMATIVA DE ORZAMENTOS E FACENDA**

Por orde da Presidencia convócase aos membros da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda á sesión extraordinaria e urxente que terá lugar na data, hora e lugar que se indica para ditaminar os asuntos da orde do día da presente convocatoria.

Data e sinatura dixital

O Presidente

A Secretaria Accidental Xeral  
de Pleno

Jaime Aneiros Pereira

Elena Ares Salgado

### **CONVOCATORIA**

Sesión extraordinaria e urxente da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda que terá lugar o día **7 de novembro de 2023** na Sala anexa á Secretaría Xeral, **ás 14,30 horas**, en primeira convocatoria, **ás 15,00** en segunda convocatoria.

De conformidade coas súas competencias, a Presidencia da Comisión, en data 07 de novembro de 2023, fixou a seguinte,

### **ORDE DO DÍA**

- 1 Ratificación da urxencia.
- 2 Comunicación do calendario previsto e apertura de prazo de presentación de emendas en expediente de aprobación de Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2024. Expediente 80/142

Vigo en data da sinatura dixital.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2023 14:16	Páxina 1 de 1
4126-1101	CSV: A8A23E-4H4C53-33EAEB-WN3YVW-BYMXJM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Zimbra

xabier.perez@vigo.org

---

**Expte 4126 /1101**

---

**De :** susana gallardo <susana.gallardo@vigo.org> terça, 07 de nov. de 2023 - 14:16**Assunto :** Expte 4126 /1101 1 anexo

Bos días!!achégase convocatoria urxente e extraordinaria de comisión informativa de orzamentos e facenda. saúdos

---

Mensaxe enviada desde a aplicación de xestión de expedientes do Concello de Vigo. O Concello de Vigo, como responsable do ficheiro, con domicilio social en Praza do Rei 1, 36202- Vigo (Pontevedra) infórmalle, en cumprimento do disposto na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, de que a súa dirección de correo electrónico, así como o resto de datos de carácter persoal que nos facilite, serán obxecto de tratamento informatizado nos nosos ficheiros, coa finalidade de xestionar a axenda corporativa de contactos; podendo vostede exercer en calquera momento o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos establecidos na normativa de aplicación. Tamén se lle indica que esta mensaxe -incluída calquera arquivo adxunto- ten carácter privado e confidencial, estando dirixido exclusivamente ao destinatario indicado. Por tanto, se recibiu esta mensaxe por erro, solicítaselle que notifique dita incidencia inmediatamente por esta mesma vía e proceda á súa eliminación.

Mensaje enviado desde la aplicación de gestión de expedientes del Concello de Vigo. El Concello de Vigo, como responsable del fichero, con domicilio social en Praza do Rei 1, 36202- Vigo (Pontevedra) le informa, en cumplimiento de lo dispuesto en la normativa vigente en materia de protección de datos de carácter personal, de que su dirección de correo electrónico, así como el resto de datos de carácter personal que nos facilite, serán objeto de tratamiento informatizado en nuestros ficheros, con la finalidad de gestionar la agenda corporativa de contactos; pudiendo Vd. ejercer en cualquier momento el derecho de acceso, rectificación, cancelación y oposición en los términos establecidos en la normativa de aplicación. También se le indica que este mensaje -incluido cualquier archivo adjunto- tiene carácter privado y confidencial, estando dirigido exclusivamente al destinatario indicado. Por tanto, si ha recibido este mensaje por error, se le solicita que notifique dicha incidencia inmediatamente por esta misma vía y proceda a su eliminación.

---

 **sec595456303184780848.pdf**  
29 kB



Zimbra

xabier.perez@vigo.org

---

**Sobre a presunta convocatoria dunha Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda para hoxe**

---

**De :** Xabier Perez Igrexas - BNG  
<xabier.perez@vigo.org>

terça, 07 de nov. de 2023 - 12:51

**Assunto :** Sobre a presunta convocatoria dunha  
Comisión Informativa de Orzamentos e  
Facenda para hoxe

**Para :** Carlos Font <carlos.font@vigo.org>

**Cc :** Susana Gallardo Fariña  
<susana.gallardo@vigo.org>

Bo día,

En relación ao aviso que se nos vén de trasladar, por comunicación telefónica ás 12:22h do Portavoz do Goberno, Carlos Font, dunha presunta convocatoria da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, para o día de hoxe a partir das 14:00h de hoxe co obxecto de tramitar o proxecto de Orzamentos Municipais para o vindeiro exercicio 2024, sinalar que non se ten recibido convocatoria formal e formalizada da mesma a esta hora (12:48h) e recordar que de acordo ao previsto no artigo 36.1 do Regulamento Orgánico do Pleno sinala que "*Serán de aplicación ás Comisións Informativas as previsións contidas para o Pleno no artigo 46.2, parágrafos b), c) e d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, en relación coas clases de sesións, a convocatoria e o quórum de asistencia. O seu funcionamento axustarase ao previsto no Capítulo II do Título IV do RD 2568/1986.*"

Neste sentido o artigo 46.2 apartado b) recolle que "*b) Las sesiones plenarias han de convocarse, al menos, con dos días hábiles de antelación, salvo las extraordinarias que lo hayan sido con carácter urgente, cuya convocatoria con este carácter deberá ser ratificada por el Pleno. La documentación íntegra de los asuntos incluidos en el orden del día, que deba servir de base al debate y, en su caso, votación, deberá figurar a disposición de los Concejales o Diputados, desde el mismo día de la convocatoria, en la Secretaría de la Corporación*"

Asemadade, o artigo 82 do ROP, referido precisamente ao calendario de tramitación dos Orzamentos Municipais mandata que:

*"Artigo 82. Calendario de tramitación.*

- 1. O proxecto de orzamento xeral aprobado pola Xunta de Goberno Local remitirase ao Rexistro do Pleno acompañado da documentación que integra o expediente e dos antecedentes necesarios.*
- 2. Recibido o expediente o secretario xeral do Pleno dará conta de tal trámite ao presidente da Comisión competente en materia de Orzamentos que convocará sesión ao único obxecto de dar traslado dunha copia completa do expediente en soporte informático aos Voceiros dos grupos municipais e de acordar calendario para a presentación de emendas."*

Aliás, para alén do carácter irregular da presunta convocatoria non se fundamentan as

causas que motivarían unha convocatoria de carácter extraordinario e urxente, sen tempo material nin para a consulta do expediente que vai ser obxecto de ditame da Comisión, singularmente a proposta de calendario, toda vez a tramitación orzamentaria é un procedemento absolutamente taxado e previsíbel.

O que fago constar, como Portavoz do Grupo Municipal do BNG, **SOLICITANDO expresamente que se proceda á convocatoria da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda con estrito arreglo á normativa de aplicación e as previsións regulamentarias**, advertindo expresamente que o proceder sinalado por parte do Goberno municipal supón obxectivamente vulnerar os dereitos (ao abeiro do ROP, da LALGA e da LBRL) deste Grupo Político Municipal, reservándonos as accións que fosen precisas na súa defensa.

*Un saúdo.*

Xabier P. Igrexas  
**Portavoz municipal do BNG**  
**CONCELLO DE VIGO**



Zimbra

xabier.perez@vigo.org

---

**RE: Expte 4126 /1101**

---

**De :** Xabier Perez Igrexas - BNG  
<xabier.perez@vigo.org>

terça, 07 de nov. de 2023 - 14:28

**Assunto :** RE: Expte 4126 /1101

**Para :** susana gallardo <susana.gallardo@vigo.org>,  
Jaime Aneiros Pereira  
<jaime.aneiros@vigo.org>

AO PRESIDENTE DA COMISION INFORMATIVA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Reitero as manifestacións realizadas en correo electrónico enviado as 12:51 ao Portavoz do Goberno con copia á Secretaría accidental, que dou por reproducidas, e en base ás mesmas SOLICITO a anulación desta convocatoria por non se axustar á normativa de aplicación e previsións regulamentarias, advertindo de que mantela suporá expoñer os acordos e ditames que nela se substancien a suposto de nulidade/impugnación, e suporá unha vulneración dos dereitos fundamentais do Grupo Municipal que represento.

Solicito, así mesmo, amparo da Secretaría Xeral accidental.

Xabier P. Igrexas  
Portavoz municipal do BNG

Enviado desde mi Galaxy

----- Mensaje original -----

De: susana.gallardo@vigo.org  
Fecha: 7/11/23 14:16 (GMT+01:00)  
Para:  
Asunto: Expte 4126 /1101

Bos días!!achégase convocatoria urxente e extraordinaria de comisión informativa de orzamentos e facenda. saúdos

---

Mensaxe enviada desde a aplicación de xestión de expedientes do Concello de Vigo. O Concello de Vigo, como responsable do ficheiro, con domicilio social en Praza do Rei 1, 36202- Vigo (Pontevedra) infórmalle, en cumprimento do disposto na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, de que a súa dirección de correo electrónico, así como o resto de datos de carácter persoal que nos facilite, serán obxecto de

tratamento informatizado nos nosos ficheiros, coa finalidade de xestionar a axenda corporativa de contactos; podendo vostede exercer en calquera momento o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos establecidos na normativa de aplicación. Tamén se lle indica que esta mensaxe -incluída calquera arquivo adxunto- ten carácter privado e confidencial, estando dirixido exclusivamente ao destinatario indicado. Por tanto, se recibiu esta mensaxe por erro, solicítaselle que notifique dita incidencia inmediatamente por esta mesma vía e proceda á súa eliminación.

Mensaje enviado desde la aplicación de gestión de expedientes del Concello de Vigo. El Concello de Vigo, como responsable del fichero, con domicilio social en Praza do Rei 1, 36202- Vigo (Pontevedra) le informa, en cumplimiento de lo dispuesto en la normativa vigente en materia de protección de datos de carácter personal, de que su dirección de correo electrónico, así como el resto de datos de carácter personal que nos facilite, serán objeto de tratamiento informatizado en nuestros ficheros, con la finalidad de gestionar la agenda corporativa de contactos; pudiendo Vd. ejercer en cualquier momento el derecho de acceso, rectificación, cancelación y oposición en los términos establecidos en la normativa de aplicación. También se le indica que este mensaje -incluido cualquier archivo adjunto- tiene carácter privado y confidencial, estando dirigido exclusivamente al destinatario indicado. Por tanto, si ha recibido este mensaje por error, se le solicita que notifique dicha incidencia inmediatamente por esta misma vía y proceda a su eliminación.

---

Zimbra

xabier.perez@vigo.org

---

**Re: Expte 4126 /1101**

---

**De :** Jaime Aneiros <jaime.aneiros@vigo.org>

terça, 07 de nov. de 2023 - 16:44

**Assunto :** Re: Expte 4126 /1101**Para :** Xabier Perez Igrexas, BNG  
<xabier.perez@vigo.org>

Tendo en conta que:

Primeiro, estamos ante un acto de trámite, e non resolutorio do procedemento de aprobación do Orzamento, polo que se trata -únicamente- de aprobar o calendario de tramitación e de dar acceso ao expediente electrónico aos membros do Pleno.

Segundo, que non se limitan nin eliminan dereitos senón que, polo contrario, se trata de precisar e publicitar os prazos para a presentación, por parte de TODOS os Grupos políticos con representación no Pleno do Concello de Vigo as enmendas que estimen procedentes e, igualmente, para presentación de alegacións por parte da cidadanía. Neste sentido, os Grupos políticos dispoñen dende o día 7 de novembro ata o día 16 de novembro para analizar o Proxecto de Orzamento aprobado pola Xunta de Goberno Local.

Terceiro, que o Pleno de aprobación definitiva se realizará no penúltimo día hábil do ano e a publicación no Boletín Oficial da Provincia do derradeiro día hábil do ano.

Cuarto, que razóns de prudencia aconsellaron, tamén, agardar a posible aprobación de cuestións que incidan nos ingresos ou nos gastos por parte tanto das institucións europeas como por parte do Goberno do Estado con incidencia no Orzamento

Como Presidente da Comisión, non acepto a petición de suspensión que presenta un dos nove membros deste órgano colexiado

Jaime Aneiros Pereira  
Presidente da Comisión Informativa  
Concelleiro de Facenda

---

